


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

16-17 de decembro do 2023

III DE ADVENTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe segue a amosar un desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Continuamos o tempo do Advento, tempo no que nos preparamos para o encontro con Deus.

Para chegar ao Nadal deste ano estamos a tecer unhas actitudes fundamentais para a vida. Ten isto moito que ver coa situación que se vive en Palestina e Israel. Está claro que hai que tecer mellor as cousas para que a VIDA naza no medio de nós.

Temos neste taboleiro a imaxe de María tecendo PAZ, DIGNIDADE E RESPECTO para dar acubillo ao seu fillo cando o teña nas súas mans. É a nai que tece vida para que Xesús se faga á nosa beira e poida sentir o noso agarimo.

Esta semana imos descubrir con que outros fíos vale a pena tecer a VIDA.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a: *A coroa do advento está sendo signo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz á nosa terra**”

Monitor/a: Hoxe deixámonos alumear polas persoas que transmiten e son exemplo de alegría:

agradecemos a laboura de quen pon un sorriso cando comparte cun veciño, cando dá unha man na parroquia, cando colabora en familia,

agradecemos a laboura de quen pon un sorriso cando colabora con organizacións que traballan no terceiro mundo,

agradecemos a laboura de todas as persoas que non se deixan levar pola rutina e o pesimismo, e son capaces de transmitir ilusión e esperanza.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz na nosa terra**”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos que ata hoxe estamos a tecer cos fíos da paz e da dignidade e o respecto.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, xa ves como o teu pobo espera con fe o nacemento do teu Fillo.

Encamiña o noso corazón cara á ledicia de tan grande misterio, para que así celebremos a nosa salvación cun espírito verdadeiramente novo.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus, tanto na voz de Isaías como na de Xoán Bautista, vai insistir na idea de preparar o encontro co Señor. Como imos facelo?*

O profeta fala de dar exemplo, fala de sentirse enviado a anunciar a Boa Nova dun mundo mellor.

No evanxeo, Xoán o Bautista aclara que el non é o Salvador. El só é o mensaxeiro que convida a agardar e a acoller a Xesús.

Xoán ten claro que hai cousas que hai que facer mellor, cousas que hai que endereitar. Pero non se pode facer de calquera xeito. Fagámolo ben agora escoitando.

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS**

O Espírito do Señor, Deus, está sobre min,
porque o Señor me unxiu.

Mándame anunciar a boa nova aos pobres,
curar os de corazón esgazado,
proclamarlles aos cativos a liberdade
e aos presos que abran os ollos,
para proclamar un ano de graza do Señor.

Exultarei ledicioso polo Señor,
e a miña alma brincará de xúbilo polo meu Deus,
xa que me fixo vestir roupas da salvación
e envolveume co manto da xustiza,
coma o noivo que veste solemnemente o turbante,
e coma a noiva que se adorna coas súas xoias.

Pois, como a terra fai saír os seus gromos,
e como un horto fai brotar as súas sementeiras,
así o Señor Iavé fará brotar a xustiza,
e a louvanza ante todos os pobos.

Palabra do Señor

🎵 nº 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO XOÁN**

Houbo un home mandado por Deus: o seu nome
era Xoán. Este veu de testemuña para dar testemuño da
luz, para que todos cresen por el.

Non era el a luz, senón que veu para dar testemuño da
luz. E este é o testemuño de Xoán cando os xudeus lle
mandaron de Xerusalén sacerdotes e levitas onda el, para
lle preguntar:

- Ti quen es?

El declarou e non negou. Declarou:

- Eu non son o Cristo.

Preguntáronlle:

- Entón, quen es ti? Es Elías?

Contestou:

- Non son.

- Es o profeta?

Respondeu:

- Non.

Daquela dixéronlle:

- E, logo, quen es? Para que lles poidamos dar unha
resposta aos que nos mandaron. Que dis de ti mesmo?.

El dicía:

- Eu son a voz do que clama no deserto, "endereidade o
camiño do Señor" (como escribira o profeta Isaías).

Algúns dos mandados eran fariseos e preguntáronlle:
- Entón, por que bautizas, se non es ti o Cristo nin Elías nin o profeta?

Xoán respondeulles:

- Eu bautizo con auga; mais entre vós está quen vós non coñecedes; o que vén detrás miña e eu non son merecente de lle desatar o amalló da sandalia.

Todo isto pasou en Betania, pola outra banda do Xordán, onde estaba Xoán bautizando.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

3^{er} Domingo
de advento

*Tecer
con
diálogo*

Reflexión a xeito de homilía

Este camiño de advento que estamos a facer convidanos a **TECER VIDA** cos fíos que temos nas nosas mans achegándonos ao **NADAL**.

* O que agora imos facer é descubrir con que fío se espera que nós vaíamos tecendo a vida.

(arrincamos o novelo do 3º do advento e enganchámolo no espazo que temos no debuxo no que María está tecendo).

É camiño ao Nadal **TECER CON DIÁLOGO**

No libro do profeta Isaías Deus achega un mensaxeiro de boas novas.



No evanxeo Xoán o Bautista fala de que el non é o Salvador, el só é o mensaxeiro de alguén que xa está cerca. Para acollelo hai que facer mellor as cousas.

Esta terceira semana do advento amósanos a necesidade de estar sempre atentos e dispostos a tecer cos fíos do DIÁLOGO. Hoxe eses fíos queremos achegar a Palestina e Israel, e a tantos e tantos pobos que viven con medo pola vida.

Tamén eses fíos os necesitamos nas nosas relacións familiares, de parroquia, de Os Cotos, de Igrexa.

HOXE TOCA TECER COS FÍOS DO DIÁLOGO PARA DAR ACUBILLO Á VIDA QUE NO NADAL VAI NACER EN NÓS.

Tecen diálogo os pais que se paran a falar cos fillos máis alá do teléfono móbil, e se preocupan de como lles vai na escola.

Tecen diálogo as parellas e familias que comparten en igualdade.

Tecemos diálogo cando escoitamos o que os demais nos teñen que dicir, e non simplemente impomos as nosas razóns.

É camiño ao Nadal **TECER CON DIÁLOGO**

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que nos fala en Xesús, queremos hoxe facelo mellor tecendo vida cos fíos dos nosos feitos, e así dar acubillo a quen no Nadal nace á nosa beira. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós, que nos convida a estar alegres pola súa boa nova, e que nos alenta a rachar con todas as rutinas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a compartir cos de corazón esgazado e a tecer liberdade cos fíos do diálogo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade e terra na que o Señor fai saír os gromos da paz e fai xermolar as sementeiras do diálogo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus, tecendo a vida cos fíos do diálogo para facer un mundo mellor para todos. Oremos dicindo:*

Queremos tecer diálogo, Señor

Monitor/a

✓ Rezamos coas persoas que traballan para que haxa máis pan, máis paz e máis xustiza, e agradecemos o seu bo exemplo. Oremos.

✓ Rezamos recordando as persoas que para nós teñen sido un apoio grande na vida, e agradecemoslle que non cansen de facer o ben. Oremos.

✓ Rezamos polas nosas familias, polos nosos veciños, pois con todos queremos seguir facendo irmandade cristiá nas cousas da vida de cada día, e agradecemos que sigan dando unha man. Oremos.

✓ Rezamos polos pobos de Palestina e Israel que non son libres na súa propia terra, desexamos paz e diálogo para as súas vidas. Oremos.

✓ Rezamos polas persoas que por unhas ou outras razóns non van ter un bo Nadal. Oremos

Celebrante: *Grazas Pai pola man de vida que nos das no teu Fillo Xesús, a quen queremos acoller no acubillo do noso tecer dialogante. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está en quen é capaz de loitar por defender con diálogo os dereitos das persoas inxustamente tratadas. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos tecer cos fíos do diálogo. Recemos confiados o aprendido en Xesús:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas falan de estar atentos, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de estar vixiantes coas vidas esquecidas. Que o Deus da paz nos alente a tecer agarimo camiño ao Nadal.*

🎵 **nº 36 Fagámola paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos vixiantes e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos. Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar dignamente as vindeiras festas do Nadal.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Vivir NADAL é tecer cos fíos do diálogo sabendo que Deus confía en nós. Sigamos tecendo camiño do Nadal.

Vivir NADAL é tecer hoxe no diálogo con quen pensa, vive e cree diferente. Sigamos tecendo camiño do Nadal.

Vivir NADAL é seguir tecendo paz, dignidade e respecto, e nesta semana diálogo. Levemos con nós os fíos que nesta semana nos achegan un pouco máis ao Nadal

TECER CON DIÁLOGO

(Repartimos os FÍOS para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén